

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 94 - 2026

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

1º de Maio: contra o imperialismo, pola paz, traballo digno e dereitos

Milleiros de persoas mobilizáronse coa CIG neste 1º de Maio para rexeitar as agresións imperialistas e a apoloxía da guerra, demandar paz e soberanía para todos os pobos do mundo e reivindicar que en Galiza teñamos traballo digno e dereitos.

A CIG convocou 20 mobilizacións e acordou facer os actos centrais en Lugo en resposta á deriva “autoritaria e golpista” do PP, “que vén de dar un paso máis nas súas actitudes antidemocráticas asaltando o Goberno municipal cunha moción de censura indigna e inaceptábel”.

Esta deriva, advertiu o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, ten relación directa coa actual medra do fascismo e “dun PP que actúa como VOX, compartindo programas pero competindo polo voto”. Enmarcou a moción no duro paquete de medidas de control social do Goberno galego, “baseado en non cumprir cos mínimos democráticos, non respectar as liberdades públicas e o dereito á folga”.

Como exemplos sinalou o decreto para institucionalizar o diálogo social –co que o PP pretende branquear as súas políticas, anular a representatividade da CIG e desmantelar organismos de representación que confrontan as súas accións–; a promoción de cambios no TSXG; apartar e vetar maxistrados e Vicealedores do Pobo; exercer “un férreo e censor control sobre os medios de comunicación públicos”; ou o plan para o control e a criminalización das baixas médicas, culpabilizando a clase traballadora por caer enferma.

Carril criticou que estamos ante o PP “máis auténtico español e fran-



quista”, que recorta dereitos, que non se arreda en ofender a memoria de Moncho Reboiras e as vítimas da ditadura, e que promove a colonización e dependencia de Galiza e do pobo galego a deseños feitos dende Bruxelas e Madrid, “onde todo se pon a disposición do negocio e da rendibilidade do capital e dos fondos de investimento”.

Porén, adiantou, “na CIG non imos quedar mirando nin imos fuxir mentres se conculcan dereitos da maioría social e se afonda nun proceso que avanza cara ao autoritarismo de corte fascista”.

Plan de choque

Nun contexto de medre da carestía da vida, de empobrecemento xeneralizado, extensión da precariedade polas sucesivas reformas laborais e de desmantelamento de moitos sectores e actividades produtivas básicas, Carril criticou que a UE e o Estado español asuman con obediencia as ordes de incrementar o gasto militar para alimentar a máquina da agresión imperialista, ao tempo que se nega a Europa dos pobos, das nacións e da xustiza social.

Instou os Gobernos español e galego a poñer en marcha un auténtico plan de choque de resposta económica e social e de defensa dos servizos públicos ante as graves consecuencias da guerra, demandou o cesamento inmediato do gasto militar e que estas contías se destinen á protección social, “porque non pode ser que o pobo e as clases traballadoras sexamos quen paguemos a guerra”.

Reclamou a intervención e control público en sectores estratéxicos como o da enerxía, a alimentación, a vivenda ou a mobilidade, subir o Salario Mínimo Interprofesional até os 1.374€ mensuais ou aprobar unha renda de inserción laboral e social.

Paulo Carril reiterou que son tempos de compromiso e mobilización e animou a “saír ás rúas para gañar as loitas que temos por diante, para irmos construíndo poder popular co que avanzar en dereitos, porque está en xogo poder vivir e traballar dignamente na nosa Terra. As persoas galegas de nacemento ou de orixe migrante que veñen ao noso país facer a súa vida, todas xuntas na loita polos mesmos dereitos”.

A saúde é un dereito, enfermarse non é delito

A CIG ten en marcha unha campaña para desmontar as mentiras coas que a patronal e a Xunta insisten en responsabilizar a clase traballadora das baixas laborais, criminalizando as ausencias e buscando culpabilizar as persoas por enfermarse.

Baixo o lema "A saúde é un dereito, enfermarse non é delito", a central nacionalista celebrou asembleas de persoas delegadas e mobilizacións para evidenciar que o denominado absentismo non é o problema, senón o síntoma dun modelo laboral e social que deteriora a saúde da clase traballadora.

O propio presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, aproveitou o debate sobre o estado da nación para elevar a primeiro plano o absentismo como unha fraude, evidenciando de maneira descarada o seu papel de axente da patronal.

O obxectivo deste tipo de mensaxes é presentar o absentismo como un problema que eleva os custos económicos e prexudica as empresas, para así xustificar medidas coas que recortar dereitos, empeorar as condicións de traballo, deteriorar a saúde



laboral e privatizar a sanidade pública coa promoción das mutuas.

Ao tempo, estes discursos buscan entorpecer calquera reivindicación para avanzar na redución da xornada ou na conciliación e as licenzas retribuídas.

Porén, non se analiza que as causas destas ausencias radican no propio modelo do mercado de traballo (poboación avellentada, atraso da idade de xubilación, carreiras laborais longas e duras, xornadas prolongadas, extensión da precariedade) e no desmantelamento planificado da sanidade pública.

Cómpre lembrar que en setembro de 2024 o Goberno español asinou un acordo sobre pensións cos sindicatos CCOO e UGT que permite que as mutuas asuman máis competencias no tratamento de doenzas músculo esqueléticas e de saúde mental, mediante a subscrición de convenios cos sistemas autonómicos de saúde. E foi nestes dous ámbitos nos que Rueda centrou o plan de control da Xunta.

A CIG xa ten denunciando que as políticas inxustas do Goberno español son "auténtica munición" postas en mans de gobernos como o do PP en Galiza instalado no "fanatismo neoliberal".

Por unhas condicións xustas no comercio de alimentación coruñés

As traballadoras do comercio de alimentación mobilizáronse o pasado 2 de maio na Coruña, Compostela e Ferrol en resposta ao bloqueo patronal á negociación do convenio provincial. Convocadas pola CIG e realizadas diante de tendas de Gadis e Froiz, xa que son as dúas principais empresas do sector, constitúen o inicio dunha campaña de protestas que incluírá a convocatoria de folga, de non producirse avances significativos na negociación.

A CIG-Servizos critica que a patronal pretende dilatar o proceso e presentou unha proposta económica raquítica, malia que as empresas do sector están batendo récords de beneficios e levan anos incrementando as súas ganancias.



A isto contrapoñen a realidade diaria do persoal "marcada por salarios baixos que non permiten facer fronte ao incremento do custo da vida, xornadas longas e irregulares, e horarios interminábeis que dificultan a conciliación". Ademais, trátase dun traballo especialmente penoso, con cargas físicas elevadas, ritmos intensos e unha presión constante

que afecta tanto a saúde como a calidade de vida.

Por iso, a CIG reivindica para este convenio incrementos salariais dignos, a redución da xornada laboral, horarios e calendarios que faciliten a conciliación con libranzas nas fins de semana, e que se recoñeza un complemento de antigüidade como xa existe no convenio provincial de Pontevedra.



O sector do metal, en pé de guerra para exixir melloras laborais en Pontevedra e na Coruña

As persoas traballadoras do sector do metal das provincias de Pontevedra e da Coruña están en pé de guerra en demanda de convenios colectivos que melloren as condicións laborais. No caso pontevedrés hai convocadas xa seis xornadas de folga este xoves día 7 e os vindeiros 13, 14, 19, 20 e 21 de maio, mentres que o persoal da coruñés desenvolveu mobilización o pasado 29 de abril e barallar intensificar as medidas de presión nos vindeiros días.

En ambos os casos a patronal está a amosar unha “nula vontade” de chegar a acordos que permitan dignificar as condicións de traballo e poñerlle freo á crecente precarización e perda de poder adquisitivo.

En canto ao convenio do metal de Pontevedra, a CIG xa lanzara o pasado 21 de abril a convocatoria dunha xornada de folga para este xoves día 7 ante as pretensións do empresariado de precarizar as condicións no sector e en resposta á súa actitude inmovilista á hora de atender as reivindicacións da parte social. A central sindical aproveitara ademais para desenvolver unha concentración diante da patronal ATRA en Vigo, á que se sumaron persoas traballadoras do comercio do metal, que se atopa



en plena negociación do convenio e que tamén ten convocada folga para este xoves.

A 13ª xuntanza da mesa negociadora do convenio do metal, celebrada recentemente, non fixo máis que constatar o inmovilismo do empresariado, polo que CCOO e UGT decidiron sumarse á folga, ampliándose a convocatoria aos próximos días 13, 14, 19, 20 e 21 de maio.

Mentres que no metal da Coruña a CIG, CCOO e UGT levaron a cabo unha concentración diante da sede da Confederación de Empresarios/as da Coruña o pasado 21 de abril

en resposta ao bloqueo patronal á negociación do convenio e para exixir un calendario áxil de reunións que permitan avanzar nun acordo e actualizar e mellorar as condicións laborais e salariais.

Porén a pretensión da patronal é alongar a negociación o máximo tempo posíbel, mentres a precariedade laboral avanza e se deterioran as condicións laborais e os salarios perden capacidade adquisitiva ante o medre imparábel da carestía da vida. Polo que o sector baralla a posibilidade de anunciar nos vindeiros días medidas de presión máis contundentes.

Medra a oposición ao convenio estatal ARTE do comercio téxtil

As distintas xornadas de folga e de mobilizacións convocadas até o de agora pola CIG no marco da loita contra o convenio estatal ARTE (Asociación Retail Téxtil de España) do sector gran comercio téxtil e de calzado rexistraron un apoio crecente, con milleiros de persoas traballadoras tomando as rúas de Galiza e centros de establecementos pechados ao longo de todo o país. Agora o sector prepárase para dúas novas xornadas de paros os días 11 e 12 de maio nas catro provincias galegas.

Na última xuntanza da mesa negociadora celebrada días atrás

en Madrid a patronal entregou o resto da plataforma de convenio, confirmándose a súa pretensión de precarizar as condicións laborais e centralizar a negociación colectiva deixando sen efecto as melloras e os dereitos contemplados nos convenios provinciais.

Propostas lesivas

Entre as propostas máis lesivas para a parte social, salienta a redución do complemento de IT por enfermidade común (pretenden que a persoa afectada non cobre nada durante os primeiros tres días; o 75% até o

día 20; e o 85% desde día 21 e só durante un ano). Mentres que o de accidente de traballo sería do 100%. Pero en ambos os casos sería sobre o salario base no canto de sobre a base de cotización, “o que suporía unha diminución dos ingresos moi importante para as persoas enfermas”.


Xunto a isto, o establecemento de comités intercentros estatais en cada empresa para reducir a capacidade reivindicativa de cada provincia, “coa idea de intentar debilitar a capacidade de negociación e laminar a presenza da CIG”, denuncian dende a central sindical.

17 de maio: cita en Compostela en defensa do galego, lingua vital

A plataforma cidadá, Queremos Galego, da que a CIG fai parte, anima a converter este 17 de Maio nunha gran mobilización para enfrontar a negativa da Xunta a garantir os dereitos lingüísticos da súa cidadanía “coa forza, a unidade e o traballo conxunto dunha sociedade que defende o seu idioma porque sabe que é vital para a súa existencia”.

A manifestación, baixo o lema “O galego, lingua vital”, sairá ás 12:00 horas da Alameda de Santiago de Compostela e para facilitar os desprazamentos haberá autobuses dende todas as comarcas.

Fronte á política de apartheid do Goberno do PP contra a lingua



propia de Galiza, o colectivo pon en valor a forza do pobo e a súa capacidade de reaxer, que se ten plasmado no Protocolo Lingua Vital. Unha alternativa “sólida, nacida dun proceso amplo, participativo e plural sobre o que comezar a revertir a emerxencia lingüística”.


Este pacto pola lingua “é o primeiro resultado desa forza, unidade e traballo conxunto” que se visibilizará nas rúas o 17 de Maio e que as entidades sociais que participan do proceso comezarán a aplicar na parte que lles corresponde “traballando pola oficialidade real en todos os territorios de lingua galega, conxuntamente”.

Manifestación nacional en Vigo contra a exaltación militarista

A CIG chama a participar na manifestación nacional que a Plataforma Galiza pola Paz ten convocada para o domingo 30 de maio en Vigo, baixo a consigna “Nin guerra, nin OTAN, nin gastos militares. Paz e soberanía”. A marcha sairá ás 12 horas de Vía Norte e desenvólvese con motivo do desfile militar na cidade olívica polo día das forzas armadas.

Nun contexto de intensificación da agresión imperialista dos EUA para manter este sistema de explotación e dominación, de aposta polo belicismo e de chamados a incrementar os gastos militares, cómpre mobilizarse en defensa da paz, do dereito de autodeterminación e para exixir que as guerras do imperialismo rematen.

“O goberno español non é coherente cando axita a bandeira do ‘non á guerra’, pero ao tempo



augmenta sen parar o gasto militar, fai apoloxía do militarismo e organiza desfiles como o de Vigo”, asevera o secretario xeral da CIG, Paulo Carril.

Critica que neste ano xa se destinaron máis millóns de euros a gasto militar que “aos miserentos orzamentos” aprobados polo Executivo estatal e a Xunta de Galiza para enfrontar as graves consecuencias económicas e sociais da guerra de Irán. Considera, ademais, que non se pode falar de defender o dereito internacional mentres se poñen infraestruturas e equipamentos militares ao servizo dos intereses dos EUA.

Por iso reivindica o cesamento do gasto militar e que todas estas partidas se destinen á protección social e a pór en marcha un plan eficaz de resposta económica e social e de defensa dos servizos públicos.